

ESTATUTOS DA "SOCIEDADE GALEGA DE OBSTETRICIA E XINECOLOXÍA"

CAPÍTULO I

DENOMINACIÓN, FINS, DOMICILIO E ÁMBITO

Artigo 1. Coa denominación de "Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía", constitúese unha ASOCIACIÓN ao amparo da Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro, afinidade política ou relixiosa. A asociación poderá contratar en xeral, adquirir, vender, reter, administrar, gravar e allear bens, mobles e inmobles, tomar diñeiro ou empréstito ou en calquera forma de crédito, admitir doazóns, así como herdanzas, legados, e donativos, e actuar ante os tribunais e organismos en defensa dos seus bens ou dereitos para esixir o cumprimento das obrigas.

Artigo 2. A "Sociedade Galega de Obstetricia e Xinecoloxía" forma parte dunha federación con outras sociedades autonómicas cuxa cabeza é a Sociedade Española de Ginecología y Obstetricia (SEGO), e esta, á súa vez, forma parte doutra federación formada por sociedades nacionais integradas na Federación internacional de Ginecología y Obstetricia (FIGO).

Artigo 3. Esta asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 4. A existencia desta asociación ten como fins: o estudo, progreso e cultivo da especialidade de obstetricia xinecolóxica para procurar a saúde da muller, da embarazada e do seu fillo. Así mesmo, procurarase a vixilancia ética do exercicio da obstetricia xinecolóxica.

Artigo 5. Para o cumprimento destes fins realízanse as seguintes actividades:

a) Reunións científicas: serán convocadas pola Xunta Directiva da sociedade coa antelación suficiente para a axeitada información e preparación destas por todos os socios. A súa periodicidade deberá de ser anual, salvo excepcións debidas á organización doutro tipo de eventos científicos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia durante o ano correspondente e sempre que así o considere a Xunta Directiva. As devanditas reunións serán públicas e a súa localización poderá variar segundo acordo da Asemblea Xeral, procurando ter en conta as solicitudes e suxestións dos socios. O seu contido, relatorios, comunicacións, mesas redondas,

exposición de vídeos e outras actividades científicas que se consideren oportunas, será programado polo Comité Local Organizador e pola Xunta Directiva.

b) Creación de grupos de traballo e comisións sobre partes ou aspectos específicos da obstetricia e da xinecoloxía.

c) Colaborar coa Sociedade Española de Ginecología y Obstetricia (SEGO) en cantas actividades se considere oportuno e seguir as directrices que a devandita sociedade dite en todo o relacionado coa saúde da muller, da embarazada e do feto, e na formación continuada dos obstetras e dos xinecólogos.

Artigo 6. A Asociación establece o seu domicilio social na Coruña, rúa Rosalía de Castro número 13, primeiro, distrito postal 15701 (CONGREGA), e o seu ámbito territorial no que vai realizar principalmente as súas actividades é a Comunidade Autónoma de Galicia.

CAPÍTULO II

ÓRGANO DE REPRESENTACIÓN

Artigo 7. A Asociación estará xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un presidente, dous vicepresidentes, un secretario, un vicesecretario, un tesoureiro e seis vogais. A ser posible, haberá polo menos, un vogal por cada provincia da comunidade autónoma. Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuítos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral Extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de 4 anos, podendo ser reelixidos, debendo ser presentadas as candidaturas 15 días antes da data de elección e debendo estar avalada polo menos coa sinatura do 10% dos socios numerarios.

Artigo 8. Estes poderán causar baixa por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva, por incumprimento das obrigas que tivesen encomendadas e por expiración do mandato.

Artigo 9. Os membros da Xunta Directiva que esgotasen o prazo para o cal foron elixidos continuarán ostentando os seus cargos ata o momento en que se produza a aceptación dos que os substitúan.

Artigo 10. A Xunta Directiva reunirse cantas veces o considere o seu presidente e a iniciativa ou petición de catro dos seus membros. Quedará constituída cando asista a metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. En caso de empate, o voto do presidente será de calidade.

Artigo 11. Facultades da Xunta Directiva: as facultades da Xunta Directiva estenderanse, con carácter xeral, a todos os actos propios das finalidades da asociación, sempre que non reunisen, segundo estes estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral.

Son facultades particulares da Xunta Directiva:

- a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica administrativa da Asociación, acordando realizar os oportunos contratos e actos.
- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Formular e someter á aprobación da Asemblea Xeral os balances e as contas anuais.
- d) Resolver sobre a admisión de novos asociados.
- e) Nomear delegados para algunha determinada actividade da asociación.
- f) Calquera outra facultade que non sexa da exclusiva competencia da Asemblea Xeral de socios.

Artigo 12. O presidente terá as seguintes atribucións: representar legalmente á Asociación ante toda clase de organismos públicos ou privados; convocar, presidir, e levantar as sesións que realice a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, así como dirixir as deliberacións dunha e outra; ordenar pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas e correspondencia; adoptar calquera medida urxente que a boa marcha da asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesario ou conveniente, sen prexuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 13. O vicepresidente primeiro substituirá o presidente en ausencia deste, motivada por enfermidade ou calquera outra causa, e terá as mesmas atribucións ca el. O vicepresidente segundo substituirá o vicepresidente primeiro en ausencia deste ou por enfermidade.

Artigo 14. O secretario terá ao seu cargo a dirección dos traballos puramente administrativos da asociación, expedirá certificacións, levará os libros da asociación legalmente establecidos e o ficheiro de asociados, e custodiará a documentación da entidade, facendo que se cursen as comunicacións sobre designación de xuntas directivas e demais acordos sociais que se poidan

inscribir nos rexistros correspondentes, así como a presentación das contas anuais e o cumprimento das obrigas documentais nos termos que legalmente correspondan.

Artigo 15. O vicesecretario substituirá o secretario en ausencia deste ou por enfermidade ou calquera causa tendo as súas mesmas atribucións.

Artigo 16. O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.

Artigo 17. Os vogais terán as obrigas propias do seu cargo como membros de Xunta Directiva, así como as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

Artigo 18. As vacantes que se puidesen producir durante o mandato de calquera dos membros da Directiva serán cubertas provisionalmente entre os devanditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 19. Procurarase que a Directiva quede integrada por representantes de todas as provincias da Comunidade Autónoma de Galicia nos seus obxectivos dunha mellor responsabilidade.

CAPÍTULO III

ASEMBLEA XERAL

Artigo 20. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todos os asociados.

Artigo 21. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. A ordinaria reunirse unha vez ao ano e a ser posible durante a Reunión Científica Anual. As extraordinarias realizaranse cando as circunstancias o aconsellen, a xuízo do presidente, cando a directiva o acorde ou cando o propoña por escrito unha décima parte dos asociados.

Artigo 22. As convocatorias das asembleas xerais realizaranse por escrito expresando o lugar, día e hora da reunión así como a orde do día con expresión concreta dos asuntos que se tratarán. Entre a convocatoria e o día sinalado para a realización da asemblea, en primeira convocatoria, haberán de mediar polo menos 15 días, podendo, así mesmo, facerse constar, se procedese, a data e hora en que se reunirá a asemblea en segunda convocatoria, sen que entre unha e outra poida mediar un prazo inferior a unha hora.

Artigo 23. As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela un terzo dos asociados con dereito a voto, e en segunda convocatoria calquera que sexa o número de asociados con dereito a voto. Os acordos tomarán por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables para estes efectos os votos en branco nin as abstencións. Será necesaria maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a) Nomeamento das xuntas directivas e administradores.
- b) Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas.
- c) Disposición de alienación de bens integrantes do inmobiliario.
- d) Modificación de estatutos.
- e) Disolución da entidade.

Artigo 24. Son facultades da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar, no seu caso, a xestión da Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar as contas anuais.
- c) Aprobar ou rexeitar as propostas da Xunta Directiva en orde ás actividades da asociación.
- d) Fixar as cotas ordinarias ou extraordinarias.
- e) Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Extraordinaria.
- f) Acordar a remuneración, se é o caso, dos membros dos órganos de representación.

Artigo 25. Corresponde á Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Nomeamento dos membros da Xunta Directiva.

- b) Modificación dos estatutos.
- c) Disolución da asociación.
- d) Expulsión de socios, por proposta da Xunta Directiva.
- e) Constitución de federacións ou integración nelas.

CAPÍTULO IV

PREMIO DA SOCIEDADE

Artigo 26. A asociación convocará cada ano un premio, denominado Premio Alejandro Novo González, cunha dotación económica de 300 euros, que poderá ser aumentada segundo as posibilidades da asociación ou por doazóns de entidades ou institucións. As bases para optar ao devandito premio poranse en coñecemento de todos os socios polo menos un mes antes da data límite para a entrega dos traballos que desexen participar. O xurado estará constituído pola Xunta Directiva da asociación, sendo o seu presidente o presidente da asociación e o seu secretario.

CAPÍTULO V

SOCIOS

Artigo 27. Poderán pertencer á asociación aquelas persoas con capacidade de obrar que teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación e ostenten a condición de ser médica especialista en Obstetricia e Xinecoloxía con exercicio en Galicia. Tamén, poderán selo aqueles outros fóra de Galicia que aprrobe a Xunta Directiva. Para ser admitido como socio de número ou eventual, o aspirante deberá cursar o seu pedimento ao secretario da asociación mediante instancia asinada e avalada pola sinatura de dous socios numerarios. A admisión do petionario será resolta en Xunta Directiva Ordinaria e comunicada ao interesado mediante escrito do secretario.

Artigo 28. Dentro da asociación existen as seguintes clases de socios:

- a) Socios fundadores, que serán os que participen no acto de constitución da asociación.

- b) Socios de número, que serán os que ingresen despois da constitución da asociación.
- c) Eventuais, que serán os licenciados ou doutores en medicina e cirurxía que estean a realizar a especialidade de obstetricia e xinecoloxía.
- d) Correspondentes estranxeiros. Son aqueles facultativos que non gozando de nacionalidade española sexan merecedores de tal distinción.
- e) Socios de honra, os que por o seu prestixio ou por contribuír de modo relevante á dignificación e desenvolvemento da asociación, fáganse acredores a tal distinción. O nomeamento dos socios de honra corresponderá á directiva dando conta á Asemblea Xeral.

Artigo 29. Os socios causarán baixa por algunha das causas seguintes:

- a) Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por incumprimento das obrigas económicas, se deixase de satisfacer tres cotas periódicas.

Artigo 30. Os socios de número e fundadores terán os seguintes dereitos:

- a) Tomar parte en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins.
- b) Gozar de todos os servizos e instalacións da asociación.
- c) Participar nas asembleas con voz e voto.
- d) Ser electores e elixibles para os cargos directivos.
- e) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
- f) Facer suxestións aos membros da directiva en orde ao mellor cumprimento dos fins da asociación.

Artigo 31. Os socios fundadores e de número terán as seguintes obrigas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos das asembleas e da Xunta Directiva.
- b) Pagar as cotas que se fixen.
- c) Asistir ás asembleas e demais actos que se organicen.
- d) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

Artigo 32. Os socios eventuais estranxeiros e de honra terán as mesmas obrigas que os fundadores e de número, a excepción das previstas nos apartados b) e d), do artigo anterior. Así mesmo, terán os mesmos dereitos, a excepción dos que figuran nos apartados c) e d) do artigo 26, podendo asistir ás asembleas sen dereito a voto.

Artigo 33. Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento dos fins e actividades da asociación serán os seguintes:

- a) As cotas de socios, periódicas ou extraordinarias.
- b) As subvencións, legados ou herdanzas que puidese recibir de forma legal por parte dos asociados ou de terceiras persoas.
- c) Calquera outro recurso lícito.

Artigo 34. O patrimonio inicial ou fondo social da asociación é inexistente.

Artigo 35. O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

CAPÍTULO VI

DISOLUCIÓN

Artigo 36. Disolverase voluntariamente cando así o acorde a Asemblea Xeral Extraordinaria, convocada para os efectos, por unha maioría de 2/3 dos asociados.

Artigo 37. En caso de disolución, nomearase unha comisión liquidadora, a cal, unha vez extinguidas as débedas, e se existise sobrance líquido, destinarao para fins que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa, concretamente ao colexio de orfos de médicos ou a unha entidade benéfica ou a outra asociación similar constituída.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes estatutos se aplicará a vixente Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e as disposicións complementarias.

D. Rafael Ucieda Somoza, secretario da asociación a que se refiren os presentes estatutos,

CERTIFICA:

Que os presentes estatutos foron modificados para adaptalos ás previsións da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria de asociados con data 27 de xuño de 2003.

Asdo.: Rafael Ucieda Somozas

Asdo: Javier Martínez Pérez-Mendaña

Secretario

Presidente

Asdo.: Manuel Macía Cortiñas

Asdo.: José Santiago Quintana García

Tesoureiro

Vogal